



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2016

### **Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

### **Concelleiras e concelleiros presentes:**

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

### **Concelleiras e concelleiros ausentes:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Francisco García Dios.

### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

### **Interventora:**

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as oito horas do día vinte de outubro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 6 DE OUTUBRO DE 2016.**

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o seis de outubro de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

#### **2.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA EXECUCIÓN DE FORXADO MEDIANTE LOUSA ALIXEIRADA EN NAVE INDUSTRIAL EXISTENTE SITA NO POLÍGONO DA MATANZA, FORMULADA POR ALUMINIOS CORTIZO S.A.U. EXPEDIENTE 63/2015/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 18 de outubro de 2016:

#### **<< ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 7 de maio de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 3945, solicitude de licenza municipal de obras de para execución de forxado mediante lousa alixeirada en nave industrial existente sita no Polígono da Matanza, nave 7, calle C, con referencia catastral 8622512NH2382S0001ID.

Achégase coa solicitude acreditación do poder de representación, proxecto técnico "Proyecto constructivo para ejecución de forjado mediante losa aligerada en nave industrial" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Jacobo Ayestarán Barrientos e visado polo ICOIIG en data 29 de abril de 2015, así coma oficio de dirección da execución material das obras e de coordinador de seguridade e saúde.

**Segundo.** En data 10 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas.

**Terceiro.** En data 10 de outubro de 2016 emítese requirimento ao interesado de aportación de documentación adicional consistinte en oficio de dirección de obras

**Cuarto.** En data 18 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** En base ao disposto nos informes do arquitecto municipal do 10 de outubro de 2016 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 18 de outubro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC), transcribíndose a continuación o contido literal do segundo dos informes mencionados:

*Primeiro. As obras solicitadas consisten na execución dun forjado nunha nave industrial existente no polígono industrial da Matanza. Ten unha considerable entidade construtiva e económica debido ás dimensións do forjado, e unha marcada incidencia estrutural xa que dota dunha división horizontal nova á totalidade das instalacións.*

*Entendemos que conforme a normativa xeral da edificación, tal e coma reflicte o informe técnico, as obras deben contar con proxecto técnico completo redactado por técnico competente. Isto as sitúa dentro do apartado a) do artigo 142.2, de obras sometidas a licenza municipal.*

*De acordo co artigo 143.3 da Lei do solo,*

*"As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións acompañaránse de proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.*

*Unha vez presentado perante o Concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo"*

*Neste senso, consta achegado "Proyecto constructivo para ejecución de forjado mediante losa aligerada en nave industrial" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Jacobo Ayestarán Barrientos e visado polo ICOIIG en data 29 de abril de 2015. Neste senso por parte do técnico municipal se procedeu á comprobación dos parámetros e condicións urbanísticas referidas no proxecto técnico, que adquiriu polo tanto a condición de documento público e ao que deberá cingirse a intervención.*

*Por parte dos servizos técnicos procedeuse a recalcular o orzamento referido no proxecto debido ao seu desaxuste respecto aos prezos de materiais de construción referidos nas bases de datos actualizadas de prezos de construción, por ser o orzamento referido no proxecto sensiblemente inferior ao referido. Deberá tomarse coma base para a liquidación dos tributos de aplicación o orzamento determinado polo técnico municipal.*

**Segundo.** *A nave industrial obxecto da actuación está situada no polígono de A Matanza, na calle A, naves 2, 3 e 4, no lugar de A Matanza, ao que conforme o PXOM e segundo reflicte o informe técnico municipal se lle aplica a ordenanza de solo urbano industrial (IU).*

*Conforme o referido pola disposición transitoria primeira da LOUG, tendo en conta que o planeamento municipal non se atopa adaptado á lei do solo, ao solo cualificado coma urbano polo planeamento lle resultará de aplicación o establecido na LOUG para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respectar o planeamento vixente.*



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

*O uso solicitado é compatible coa ordenanza referida, e visto o informe técnico neste punto, a intervención proxectada cumpre asimesmo coas condicións urbanísticas de aplicación.*

**Terceiro.** *A intervención no inmoble, de acordo co informe técnico municipal, non precisa de autorizacións sectoriais, por non estar incluído o suposto en ningún dos ámbitos de especial protección derivados de consideracións patrimoniais, culturais, ou derivados da lexislación de augas ou de protección da natureza. Tampouco se encontra dentro da zona de protección determinada polo transcurso do Camiño Portugués de Santiago.*

**Cuarto.** *Non se establece fianza nin aval por non afectar a intervención a elementos do dominio público nin preverse a afección de servizos públicos.*

**Quinto.** *Conforme a lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no caso de adicar a edificación a unha nova actividade ou implicar a modificación sustancial dunha actividade existente, deberá presentar unha comunicación previa de actividade acompañada de tódala documentación referida no artigo 24 da referida norma.*

**Segundo.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

## **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a ALUMINIOS CORTIZO S.A.U. Licenza municipal de obras de execución de forxado mediante lousa alixeirada en nave industrial existente sita no Polígono da Matanza, nave 7, calle C, con referencia catastral 8622512NH2382S0001ID Expediente 63/2015/LU, conforme o "Proyecto constructivo para ejecución de forjado mediante losa aligerada en nave industrial" redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Jacobo Ayestarán Barrientos e visado polo ICOIIG en data 29 de abril de 2015.

A) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

B) Deberá achegar antes do inicio das obras o correspondente oficio de dirección de obra, así coma comunicar a data de inicio e finalización das obras, aos efectos de cómputo de prazos

C) Previo ao inicio das obras procederase á comprobación das aliñacións e trazado da obra polos Servizos Técnicos do Concello polo que o promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito o día e hora (que deberá coincidir co horario das oficinas municipais) para proceder ao replanteo da obra na súa presenza.

D) No caso de se destinar a obra á implementación dunha nova actividade ou implicar unha modificación sustancial da existente, deberá achegar a preceptiva comunicación previa de actividade ao abeiro da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, co contido e pronunciamentos referidos na mesma, con carácter previo ao inicio da actividade.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO INDUSTRIAL (IU) do polígono industrial da Matanza, solo urbano consolidado conforme a LSG.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: construción de forxado mediante lousa alixerada en nave industrial existente.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

- d) Contía na que se orzan as obras: 153.383,14 euros.
- e) Situación e emprazamento das obras: Nave 7, calle C, Polígono industrial da Matanza, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: ALUMINIOS CORTIZO, S.A.U.
- g) Técnico autor do proxecto: Jacobo Ayestarán Barrientos, enxeñeiro industrial.
- h) Técnico director das obras: pendente de designación.
- i) Técnico director da execución material das obras: D. José Rey Rodríguez, arquitecto técnico.
- j) Técnico coordinador de seguridade e saúde: D. José Rey Rodríguez, arquitecto técnico.
- k) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 145 da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoitado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Oitavo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

### **3.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA AMPLIACIÓN DE REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS NATURAL NA RÚA ALONSO DE LA PEÑA, FORMULADA POR GAS GALICIA S.D.G., S.A. EXPEDIENTE 206/2015/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 18 de outubro de 2016:

#### **<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 9 de decembro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 10615, solicitude de licenza municipal de obras de para ampliación de rede de distribución de gas natural e acometida directa na rúa Alonso de la Peña nº 38, formulada por GAS GALICIA SDG, S.A.. Achégase coa solicitude plano de situación e orzamento das obras, así coma datos catastrais das parcelas afectadas.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

**Segundo.** En data 15 de febreiro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe que refire a necesidade de aportación de documentación adicional para a tramitación da solicitude. Da devandita documentación emítese requirimento ao interesado en data 16 de febreiro de 2016.

**Terceiro.** En data 7 de marzo de 2016 o solicitante achega documentación adicional consistente en proxecto técnico "Proyecto de ampliación de red de gas natural en el municipio de Padrón (A Coruña) Alonso de la Peña 1 (GDE41015110021) redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Jose Luis Sousa López e visado polo colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia (ICOIIG) con número 20160430, así coma compromiso de aceptación de dirección facultativa das obras.

**Cuarto.** En data 28 de abril de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe técnico favorable referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, así coma a aportación dun aval por importe de 104,40€ para responder da correcta reposición dos paramentos afectados e a designación do técnico director das obras.

**Quinto.** En data 3 de maio de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de tramitar a correspondente autorización sectorial, e remítese requirimento ao interesado do aval referido no informe técnico municipal.

**Sexto.** En data 9 de xuño de 2016 a entidade solicitante achega o aval requirido.

**Sétimo.** En data 21 de xuño de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6198, resolución do xefe de servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 5 de xullo de 2016, que autoriza as obras con determinadas condicións, entre as que se atopa a presentación dun proxecto de control arqueolóxico.

**Noveno.** En data 28 de xullo de 2016 ten entrada no Concello instancia da entidade solicitante na que achega o proxecto de control arqueolóxico requirido.

**Décimo.** En data 26 de agosto de 2016 remítese ao Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria oficio xunto con copia do proxecto de control arqueolóxico presentado.

**Décimo primeiro.** En data 3 de outubro de 2016 ten entrada no Concello resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na que se autoriza o control arqueolóxico.

**Décimo segundo.** En data 14 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa as obras solicitadas.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** En virtude do disposto polo artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC), tómase coma base para a presente resolución o informe técnico de data 28 de abril de 2016 e o informe xurídico de data 3 de outubro de 2016, que refire literalmente:

*Primeiro. As obras solicitadas consisten nunha canalización de gas natural de 6 metros de lonxitude e dúas acometidas directas á mesma para abastecemento a un inmovible actualmente coa referencia catastral 7820601NH2372S.*

*De acordo co disposto no artigo 142.2 apartado b) da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (En adiante LSG), as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos están sometidos a licenza municipal. E no caso que nos ocupa a intervención se sitúa na rúa Real, en pleno casco histórico da Vila de Padrón, incluída no entorno dun Ben de Interese Cultural*

*paraxe pintoresca, composto polo cemiterio de Adina, a Colexiata de Iria Flavia, a casa natal de Rosalía de Castro e o Xardín Botánico da Vila, establecido polo Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro.*

*Por outra banda, o artigo 143.3 da LSG refire que as licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberán acompañarse de proxecto técnico completo redactado por técnico competente.*

*Neste senso, achégase proxecto técnico "Proyecto de ampliación de red de gas natural en el municipio de Padrón (A Coruña) Alonso de la Peña 1 (GDE41015110021) redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Jose Luis Sousa López e visado polo colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia (ICOIIG) con número 20160430. En virtude do disposto polo mesmo artigo 143.3 da LSG, o proxecto técnico adquire a condición de documento público, respondendo o seu autor da veracidade e exactitude dos datos consignados no mesmo.*

**Segundo.** *O solo obxecto de actuación califícase polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón (en adiante PXOM) coma solo Urbano residencial de núcleo antigo (URNA), que conforme o réxime transitorio establecido pola LOUG para os municipios con planeamento non adaptado ten a consideración de solo urbano consolidado.*

*Conforme o informe técnico municipal, non existe impedimento para unha actuación coma a solicitada, tendo en conta os usos admisibles e as condicións urbanísticas de aplicación, tanto as dispostas pola ordenanza coma pola propia LOUG.*

**Terceiro.** *O solo obxecto da intervención está situado dentro do entorno dun Ben de Interese Cultural, coma se refire no informe técnico municipal, coa consideración de paraxe pintoresca, composto polo cemiterio de Adina, a Colexiata de Iria Flavia, a casa natal de Rosalía de Castro e o Xardín Botánico da Vila. Isto conleva a necesidade de contar con autorización da Comisión territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña. O informe previo terá carácter vinculante.*

*No presente caso, cóntase coa preceptiva autorización a medio de resolución do xefe de servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 5 de xullo de 2016, que autoriza as obras con determinadas condicións, entre as que se atopa a presentación dun proxecto de control arqueolóxico que así mesmo foi autorizado a medio de resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura.*

**Cuarto.** *Non son necesarias, de acordo co informe técnico municipal, outras autorizacións sectoriais.*

**Quinto.** *O técnico municipal determinou o importe do aval ou garantía a depositar para responder polos posibles danos que se ocasionen a servizos públicos e o firme obxecto da intervención. Neste senso debemos incidir en que sería necesaria unha intervención integral no ámbito do casco histórico que dotase ao mesmo das canalizacións necesarias para a expansión dos servizos urbanísticos. Con isto nos referimos a que as novas necesidades xurdidas do abastecemento dos inmobles con conexión á rede de gas natural, circunstancia que se ven dando dende fai tempo, implica que con maior frecuencia, incluso varias veces nun mesmo ano, sexa necesaria a execución de gabias ou canalizacións que, aínda sendo de escasa entidade algunhas delas que non todas, supoñen un elevado deterioro nun pavimento composto de enlousado de pedra cun alto valor arquitectónico, tipolóxico e artístico de difícil reposición.*

*Neste senso, veñense dando con frecuencia problemas derivados da execución deste tipo de obras, relacionados coa correcta reposición dos paramentos afectados. Isto se debe á esencial dificultade que presenta a reposición dunha das lousas de granito perfiladas e adaptadas ao oco en cuestión se durante a intervención, sexa por unha incorrecta metodoloxía de traballo ao proceder a abrir a gabia fracturando as lousas, que posteriormente foron repostas con outro tipo de lousa aserrada e non pulida que provoca unha grave distorsión visual e funcional do pavimento e deteriora o conxunto histórico.*

*Entendemos polo tanto que procedería, con independencia deste expediente concreto, requirir á empresa subministradora para que plantexe un plan de necesidades para o casco histórico que dote ao mesmo dun entramado axeitado que supoña que unha única intervención permita que as posteriores conexións se solventen mediante acometidas de sinxela factura e incidencia mínima. Nembargantes, o certo é que as licenzas urbanísticas constitúen un acto administrativo reglado, polo que se as obras son compatibles urbanisticamente o seu outorgamento é obrigatorio para o órgano competente.*

*Por outra banda entendemos que unha licenza deste tipo esixe un maior control sobre a súa execución,*



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

*que en todo caso conta co aval determinado polo técnico que só poderá ser devolto no caso dunha correcta execución e que en caso contrario será utilizado para a execución subsidiaria polo Concello, sen prexuízo de incrementar a súa cantidade en caso de que se demostre insuficiente para cubrir o custo da intervención."*

**Segundo.** O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

## **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a GAS GALICIA S.D.G. S.A. Licenza municipal de obras de ampliación da rede de distribución de gas natural e acometida directa na rúa Alonso de la Peña, para abastecemento de inmovible con referencia catastral 7820601NH2372S, Expediente 206/2015/LU, conforme o "Proyecto de ampliación de red de gas natural en el municipio de Padrón (A Coruña) Alonso de la Peña 1 (GDE41015110021) redactado e asinado polo enxeñeiro industrial D. Jose Luis Sousa López e visado polo colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia (ICOIIG) con número 20160430

- a) **O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.**
- b) **Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.**
- c) **A intervención sométese ao cumprimento das condicións xerais e particulares establecidas na resolución do xefe de servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 5 de xullo de 2016**

**Segundo.** En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: URBANO RESIDENCIAL DE NÚCLEO ANTIGO (URNA), solo urbano consolidado conforme a LSG.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: ampliación da rede de distribución de gas natural e acometida directa.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 348,00 euros.
- e) Situación e emprazamento das obras: Rúa Alonso de la Peña, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: GAS GALICIA S.D.G. S.A.
- g) Técnico autor do proxecto: José Luis Sousa López, enxeñeiro industrial.
- h) Técnico director das obras: Luis Ángel Martínez Souto, enxeñeiro técnico industrial.
- i) Técnico coordinador de seguridade e saúde: D. Miguel Ángel Docampo Álvarez, arquitecto técnico.
- j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao

disposto polo artigo 197 da lei 9/2002, de 30 de decembro.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Quinto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sexto.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**4.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE GAS NATURAL NA RÚA DO CARMEN Nº 38, FORMULADA POR GAS GALICIA S.D.G., S.A. EXPEDIENTE 54/2016/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 18 de outubro de 2016:

**<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 18 de marzo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2463, solicitude de licenza municipal de obras de para ampliación de rede de distribución de gas natural e acometidas directas na rúa do Carmen nº 38, formulada por GAS GALICIA SDG, S.A.. Achégase coa solicitude plano de situación e orzamento das obras, así coma datos catastrais das parcelas afectadas.

**Segundo.** En data 22 de marzo de 2016 a entidade interesada achega documentación adicional para a tramitación do expediente, consistente en autorización de gabia para tubaxe soterrada baixo zona de circulación na estrada AC 307, emitida pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

**Terceiro.** En data 20 de abril de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe técnico favorable referindo a necesidade de tramitar o expediente perante o Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, así coma a aportación dun aval por importe de 498,60€ para responder da correcta reposición dos paramentos afectados e a designación do técnico director das obras.

**Cuarto.** En data 21 de abril de 2016 remítese requirimento ao interesado das emendas referidas no informe técnico municipal.

**Quinto.** En data 22 de abril de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de tramitar a correspondente autorización sectorial.

**Sexto.** En data 9 de xuño de 2016 a entidade solicitante achega o aval requirido.

**Sétimo.** En data 30 de xuño de 2016 a entidade solicitante achega nomeamento de técnico director das obras.





# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

**Oitavo.** En data 12 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6198, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 5 de xullo de 2016, que autoriza as obras con determinadas condicións, entre as que se atopa a presentación dun proxecto de control arqueolóxico.

**Noveno.** En data 28 de xullo de 2016 ten entrada no Concello instancia da entidade solicitante na que achega o proxecto de control arqueolóxico requirido.

**Décimo.** En data 26 de agosto de 2016 remítese ao Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria oficio xunto con copia do proxecto de control arqueolóxico presentado.

**Décimo primeiro.** En data 21 de setembro de 2016 ten entrada no Concello resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na que se autoriza o control arqueolóxico.

**Décimo segundo.** En data 14 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molaes Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** En base ao disposto nos informes do arquitecto municipal do 20 de abril de 2016 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 14 de outubro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC), transcribíndose a continuación o contido literal do segundo dos informes mencionados:

*“Primeiro. As obras solicitadas consisten nunha canalización de gas natural de 35 metros de lonxitude e dúas acometidas directas á mesma para abastecemento a un inmoble actualmente coa referencia catastral 7720155NH2372S.*

*De acordo co disposto no artigo 142.2 apartado b) da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (En adiante LSG), as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos están sometidos a licenza municipal. E no caso que nos ocupa a intervención se sitúa na rúa Real, en pleno casco histórico da Vila de Padrón, incluída no entorno dun Ben de Interese Cultural paraxe pintoresca, composto polo cemiterio de Adina, a Colexiata de Iria Flavia, a casa natal de Rosalía de Castro e o Xardín Botánico da Vila, establecido polo Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro.*

*Por outra banda, o artigo 143.3 da LSG refire que as licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberán acompañarse de proxecto técnico completo redactado por técnico competente.*

*Neste senso, as obras están incluídas dentro da memoria para a autorización conxunta anual de instalacións de gas canalizado durante o ano 2016 no término municipal de Padrón, redactada e asinada polo enxeñeiro industrial D. Ángel Casas Bachiller, memoria que foi achegada en data 18 de marzo de 2016 con rexistro de entrada número 2464. En virtude do disposto polo mesmo artigo 143.3 da LSG, o proxecto técnico adquire a condición de documento público, respondendo o seu autor da veracidade e exactitude dos datos consignados no mesmo.*

*Segundo. O solo obxecto de actuación califícase polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón (en adiante PXOM) coma solo Urbano residencial dos barrios orixinarios da vila (URBO), que conforme o réxime transitorio establecido pola LOUG para os municipios con planeamento non adaptado ten a consideración de solo urbano consolidado.*

*Conforme o informe técnico municipal, non existe impedimento para unha actuación coma a solicitada, tendo en conta os usos admisibles e as condicións urbanísticas de aplicación, tanto as dispostas pola ordenanza coma pola propia LOUG.*

*Terceiro. O solo obxecto da intervención está situado dentro do entorno dun Ben de Interese Cultural, coma se refire no informe técnico municipal, coa consideración de paraxe pintoresca, composto polo*

*cemiterio de Adina, a Colexiata de Iria Flavia, a casa natal de Rosalía de Castro e o Xardín Botánico da Vila. Isto conleva a necesidade de contar con autorización da Comisión territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña. O informe previo terá carácter vinculante.*

*No presente caso, cóntase coa preceptiva autorización a medio de resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 5 de xullo de 2016, que autoriza as obras con determinadas condicións, entre as que se atopa a presentación dun proxecto de control arqueolóxico que así mesmo foi autorizado a medio de resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura.*

*Cuarto. A intervención obxecto do expediente afecta á zona de dominio público da estrada AC-307. En virtude do disposto polo artigo 47.2 da lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, calquera intervención que afecte ao tramo urbano dunha estrada autonómica requerirá informe previo por parte da Axencia Galega de Infraestruturas. No presente caso cóntase coa autorización de gabia para tubaxe soterrada baixo zona de circulación na estrada AC 307, emitida pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 11 de marzo de 2016, co cal a intervención deberá someterse ao cumprimento do condicionado xeral e particular da devandita autorización."*

**Segundo.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**


**Primeiro.** Outorgar a GAS GALICIA S.D.G. S.A. Licenza municipal de obras de ampliación da rede de distribución de gas natural e acometidas directas na rúa do Carmen nº 38, Expediente 54/2016/LU, conforme os orzamentos e documentación aportados e de acordo coa memoria para a autorización conxunta anual de instalacións de gas canalizado durante o ano 2016 no término municipal de Padrón, redactada e asinada polo enxeñeiro industrial D. Ángel Casas Bachiller, con entrada no Concello en data 18 de marzo de 2016 con número de rexistro 2464.

A) Deberá cumprir coas esixencias que se derivan do Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

B) As obras deberán estar convenientemente sinalizadas para non implicar perigo para os usuarios da rúa e garantir o axeitado tránsito peonil. En todo momento en torno á incidencia nos cruces de vías ou calquera outra circunstancia, a dirección de obra deberá poñer en coñecemento do Concello calquera circunstancia relevante no desenrolo das mesmas. Deberáse comunicar ao Concello a data de inicio das obras. Asimesmo, de cara aos cortes ou restricións de tráfico rodado ou peonil que se poidan derivar da execución das obras, deberáse poñer en coñecemento da policía local para a verificación por parte deste servizo de que se adoitan as medidas axeitadas a este respecto.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: URBANO RESIDENCIAL DOS BARRIOS ORIXINARIOS DA VILA (URBO), solo urbano consolidado conforme a LSG.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: ampliación da rede de distribución de gas natural e acometidas directas.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 1.662,00 euros.
- e) Situación e emprazamento das obras: Rúa do Carmen nº 38, Padrón.



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

f) Nome ou razón social do promotor: GAS GALICIA S.D.G. S.A.

g) Técnico autor do proxecto: Ángel Casas Bachiller, enxeñeiro industrial.

h) Técnico director das obras: Luis Ángel Martínez Souto, enxeñeiro técnico industrial.

i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de seis (6) meses contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** As obras deberán axustarse en todo caso ao condicionado xeral e particular da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 5 de xullo de 2016, así coma da autorización de gaba para tubaxe soterrada baixo zona de circulación na estrada AC 307, emitida pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 11 de marzo de 2016.

**Quinto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoitado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

**Sétimo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Oitavo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**5.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE RENOVACIÓN PARCIAL DE CARPINTERÍAS EXTERIORES DE INMOBLE SITO NO LUGAR DE IRIA FLAVIA Nº 142, FORMULADA POR DONA MARÍA TERESA CARNOTA GÓMEZ. EXPEDIENTE 98/2016/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 18 de outubro de 2016:

#### <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

**Primeiro.** En data 30 de maio de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4591, solicitude de licenza municipal de obras para renovación parcial de carpinterías exteriores de inmoble sito no lugar de Iria Flavia nº 142, con referencia catastral 8025115NH2382S0001DD, formulada por D<sup>a</sup>. María Teresa Carnota Gómez. Achégase coa solicitude orzamento, datos catastrais e fotografías.

**Segundo.** En data 15 de xuño de 2016 emítense providencia do concelleiro delegado de Urbanismo que dispón a tramitación urxente da solicitude por ter solicitada unha subvención para a rehabilitación de vivendas e edificios no ámbito da área de rehabilitación integral (ARI) dos camiños de Santiago, con prazo máximo de execución e xustificación do pagamento en data 31 de outubro de 2016.

**Terceiro.** En data 21 de xuño de 2016 incorpórase ao expediente solicitude de cualificación provisional das axudas para a rehabilitación referidas no expositivo anterior para a súa remisión ao Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Cuarto.** En data 28 de xuño de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio para as mesmas.

**Quinto.** En data 29 de xuño de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo aos efectos de tramitar a correspondente autorización sectorial.

**Sexto.** En data 11 de outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8710, "Informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago" da directora xeral do Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 4 de outubro de 2016, que autoriza as obras solicitadas con certas condicións.

**Sétimo.** En data 17 de outubro de 2016 a solicitante achega escrito xustificando que non existe comunidade de propietarios no inmovible.

**Oitavo.** En data 17 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe complementario favorable á intervención tendo en conta o condicionado do informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago de data 4 de outubro de 2016.

**Noveno.** En data 18 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente as obras solicitadas.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** En base ao disposto no informes do arquitecto técnico municipal de datas 28 de xuño e 17 de outubro de 2016 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 18 de outubro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC)

**Segundo.** Considerando que o órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a D<sup>a</sup>. María Teresa Carnota Gómez licenza municipal de obras para renovación parcial de carpinterías exteriores de inmovible sito no lugar de Iria Flavia nº 142, con referencia catastral 8025115NH2382S0001DD, expediente 98/2016/LU, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados, nos termos expresados no presente informe.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL DE EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRAS (URME), solo urbano consolidado conforme o réxime transitorio da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: renovación parcial de carpinterías exteriores de vivenda.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 4.930,52 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Iria Flavia nº 142, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D<sup>a</sup>. María Teresa Carnota Gómez
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**6.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE LAVADO E PINTADO DE ALZADOS DE INMOBLE SITO NO LUGAR DE PEDREDA Nº 29, IRIA FLAVIA, FORMULADA POR DON GONZALO CAJARAVILLE ROIBAL. EXPEDIENTE 41/2016/LU.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 18 de outubro de 2016:

#### <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

**Primeiro.** En data 23 de marzo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2433, solicitude de licenza municipal de obras para lavado e pintado de alzados norte, sur e oeste e montaxe de andamio en vivenda sita no Lugar de Pedreda nº 29, Iria Flavia, con referencia catastral 8631526NH2383S0001XU, formulada por D. Gonzalo Cajaraville Roibal. Achégase coa solicitude orzamento, memoria explicativa, datos catastrais e fotografías, así coma copia da cartografía do PXOM.

**Segundo.** En data 5 de agosto de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio para as mesmas.

**Terceiro.** En data 7 de agosto de 2015 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo aos efectos de tramitar a correspondente autorización sectorial.

**Cuarto.** En data 7 de agosto de 2015 remítese requirimento ao interesado de documentación adicional necesaria para a tramitación da solicitude, referida á instalación de andamios.

**Quinto.** En data 13 de outubro de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5587, resolución do xefe do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 8 de outubro de 2015, que autoriza as obras solicitadas.

**Sexto.** En data 6 de outubro de 2016 o solicitante achega escrito no que expón que non se procederá a instalación de andamios solicitada, xa que se operará cunha prateforma elevadora.

**Sétimo.** En data 14 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente as obras solicitadas.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** En base ao disposto no informe do arquitecto técnico municipal de data 5 de agosto de 2015 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 14 de outubro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC)

**Segundo.** Considerando que o órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a D. GONZALO CAJARAVILLE ROIBAL licenza municipal de obras para lavado e pintado de alzados de vivenda existente sita no lugar de Pedreda nº 29, Iria Flavia, con referencia catastral 8631526NH2383S0001XU, expediente 41/2016/LU, conforme os orzamentos e documentación achegados.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL (URNU), solo urbano consolidado conforme o réxime transitorio da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: lavado e pintado de alzados de vivenda existente.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 990,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Lg. Pedreda nº 29, Iria Flavia, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Gonzalo Cajaraville Roibal
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse e terse rematadas no



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 6 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

**7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE POZO DE SONDEO PARA CAPTACIÓN DE AUGA E INSTALACIÓN DE BOMBA SUMERXIBLE EN FINCA SITA NO LUGAR DE CONDES, HERBÓN, FORMULADA POR DONA ROSA MARÍA PÉREZ RODRÍGUEZ. EXPEDIENTE 161/2016/CP.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 18 de outubro de 2016:

## <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 15 de setembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8001, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de construción de pozo de sondeo para captación de auga e instalación de bomba sumerxible en parcela sita no lugar de Condes, Herbón, con referencia catastral 15066A075000840000ZH, formulada por D<sup>a</sup>. Rosa María Pérez Rodríguez. Achégase coa comunicación previa ortofoto do emplazamento do pozo e copia do anuncio no BOP da concesión dun caudal de auga á interesada. Xa constaba no Concello, con data de rexistro de 8 de setembro de 2016, copia da resolución da dirección de Augas de Galicia de data 5 de setembro pola que se concedía o caudal de auga solicitado, procedente dun pozo.

**Segundo.** En data 30 de setembro de 2016 remítese requirimento á interesada de documentación adicional necesaria para a tramitación da comunicación previa.

**Terceiro.** En data 10 de outubro de 2016 a interesada achega orzamento das obras.

**Cuarto.** En data 11 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á

normativa urbanística de aplicación.

**Quinto.** En data 14 de outubro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de construción de pozo de sondeo para captación de auga e instalación de bomba sumerxible en parcela sita no lugar de Condes, Herbón, con referencia catastral 15066A075000840000ZH. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.


Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

**Cuarto.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.





# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente copia da resolución da dirección de Augas de Galicia de data 5 de setembro pola que se concede á solicitante o caudal de auga solicitado, procedente dun pozo a construír na localización proposta. Vista a conformidade municipal, non resulta necesaria a aportación doutras autorizacións sectoriais.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoiar as medidas de conxestión para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO COMÚN (NU), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo rústico de protección ordinaria segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

**Quinto.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requirir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Sexto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoiar un acordo que declare completa a documentación

e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 71.4 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), que determina:

*"A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.*

*Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.


**Sétimo.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

**Oitavo.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

#### **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 15 de setembro de 2016, asinada por D<sup>a</sup>. ROSA MARÍA PÉREZ RODRÍGUEZ, para obras de construción de pozo de sondeo para captación de auga e instalación de bomba sumerxible en parcela sita no lugar de Condes, Herbón, con referencia catastral 15066A075000840000ZH, expediente 161/2016/CP conforme a documentación anexa á mesma.

**Segundo.** A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
correo@padron.gal  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

por parte dos servizos técnicos municipais.

## **Terceiro.** Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

**Cuarto.** Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

**Quinto.** As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Seguidamente o Presidente somete a proposta a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 19 de setembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

## **8.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE NAVE INDUSTRIAL EXISTENTE**

